

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE TURISMO RURAL (FEGATUR) PARA A PROMOCION DA COMERCIALIZACION DIXITAL EN ALOXAMENTOS RURAIS E PARA O IMPULSO DO ASOCIACIONISMO NO SECTOR TURÍSTICO DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Federación Galega de Turismo Rural (FEGATUR) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Federación Galega de Turismo Rural (FEGATUR), para o desenvolvemento da seguinte acción:

Comercialización dixital a través da plataforma <https://galiciaturismorural.es/> que integre conexións aos diversos canles de comercialización dixital e incorpore novas ferramentas e novos establecementos, a través de:

- Un motor de reservas que os establecementos poidan integrar na súa web corporativa e unha ferramenta que facilite a intermediación coas axencias de viaxes galegas.
- Unha ferramenta de xestión de fidelización de clientes por parte dos establecementos.
- A mellora e mantemento da web para os establecementos de aloxamento que estea integrada co motor de reservas e que ofrezca información sobre os establecementos adheridos.
- Posicionamento da plataforma con estratexia combinada SEO, Blog e Redes Sociais
- Dinamización da plataforma no sector do turismo rural galego coas ferramentas dispoñibles.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:





Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- FEGATUR constitúese como unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxa finalidade é a promoción do turismo rural de Galicia así como fomentar, dinamizar e mellorar todas as actividades empresariais dos seus asociados relacionados co Turismo Rural, sendo a entidade máis representativa de aloxamentos de turismo rural.

Terceiro.- A situación xerada pola evolución da COVID-19 obrigou as autoridades públicas a xestionar a crise sanitaria establecendo medidas para protexer a saúde e a seguridade, e estas medidas comportaron a maior crise económica coñecida. O sector da hostaleira e concretamente o turismo rural, foi un dos máis afectados polas limitacións de mobilidade. Ante esta situación, a Xunta de Galicia quere fomentar o turismo rural co fin de consolidar unha oferta turística de calidade, como un referente da imaxe de Galicia a nivel global e cun gran valor estratéxico na economía galega.

Cuarto.- No citado contexto e co obxectivo de reactivar a actividade do devandito colectivo, dende FEGATUR propoñen un plan de actuación mediante un convenio de colaboración con Turismo de Galicia para o desenvolvemento e implementación dunha serie de medidas que fomenten a comercialización dixital para mellorar a competitividade dun sector que nestes momentos presenta unhas vantaxes comparativas diferenciais (oferta desconxestionada, proximidade a contornos naturais, atención personalizada, etc).

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto





Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen, ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2004, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela
O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

